

Compostela, 17 - II - 65

fr. D. Luis Seoane
B. AIRES

Benquerido Luis:

Recibín o teu "Homenaje a Venecia", que foi pra min unha grata e moi leda sorpresa. Contemplei moitas veces, e sempre de vagariño, uns once gravados. Non me canso de ollar pra eles. Sempre me lembran o entusiasmo con que ti nos falabas de Venecia mentres tomabamos un café con leite no Hotel. Entusiasmo ben fondo e ben persistente, como estas fermosas estampas demostran. Conferas no prólogo, impregnado de serena e sobria emoción evocativa, que lle ofrece esta prensa de gravados a Venecia coa mesma intención, e quizais co mesmo destino efímero, con que se lle podería ofrecer un ramo de rosas. A comparación metafórica vale sómente no que se refire á intención - e tamén, dende logo, na beleza da oferta - , pro

falla no tocante á duraci3n da súa vixencia. A tua oferta é tan xentil e tan fermosa como podia ser un espléndido ramo de rosas escolleitas. Pro é superior a elas nunha cousa importante: na perdurabilidade. Nesto, o arte é superior á natureza. As tuas "rosas", por non seren pura e simple creaci3n espontánea da vida senon obra do espírito, non son efímeras, non están fatalmente condenadas ó ritmo da caducidade vital. Viven -perduran- no tempo espiritoal. Durarán máis, máis máis, moitísimo máis do que durará o seu creador, e poden, mesmo, durar máis que a propia Venecia. Iso é un dos prodixios do arte verdadeiro: sobrevivir ó seu creador i ós motivos que o inspiraron.

Digoche que me gusta moito o teu album venecian. Si algúndha vez for a Venecia -desgraciadamente é moi pouco probable-, seguro que ollarei e vivirei o seu ambiente "a través" dos teus grabados e da impresi3n que deixaron no meu espírito.

Os nosos saúdos garimpos a Maruxa e de Isabel pra ti. E xunto co agradecemento máis sincero recibe unha forte aperta do teu amigo

Ram3n Piñeiro